

A PRIMEIRA “GUÍA VERDE DE SANTIAGO” PROPÓN UN PERCORRIDO ALTERNATIVO E INÉDITO POLA CIDADE

- Esta semana sae á venda, en co-edición de Alvarellos Editora e o Museo de Historia Natural da USC, e coa colaboración da Concellaría de Medio Ambiente, a primeira guía dos espazos verdes de Compostela.
- A directora do Museo de Historia Natural, María Isabel Fraga, é a responsable dos contidos.
- Impresa en papel reciclado e ecolóxico, consta de 216 páxinas a toda cor, con 250 fotografías, ilustracións e mapas dos parques e xardíns da cidade mais fichas prácticas de 130 especies arbóreas.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2009.- Esta semana chega ás librerías unha guía nova de Compostela que se ocupa dun aspecto do que se ten pouco publicado ata hoxe, pese a que a capital de Galicia é unha das cidades con máis metros cadrados de parques e xardíns por habitante de toda a Península Ibérica. Trátase da *Guía verde de Santiago* unha obra publicada por Alvarellos Editora e o Museo de Historia Natural da USC e que conta coa colaboración da Concellaría de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sustentable do Concello de Santiago. Hoxe foi presentada no Concello, nun acto no que interviron a directora do Museo de Historia Natural, María Isabel Fraga, o editor Henrique Alvarellos e a concelleira Elvira Cienfuegos.

A obra, que sae publicada en dúas edicións, galego e castelán, está avalada polo Museo de Historia Natural da Universidade de Santiago. A directora deste Museo, a botánica **María Isabel Fraga**, é a coordinadora do libro ademais de ser a autora dos textos, en colaboración con Martín Souto e Daniel Castro. Tamén participan Xan Guerra e Francisco Leonardo.

PAPEL ECOLÓXICO E 250 FOTOGRAFÍAS

Impresa en papel reciclado e ecolóxico, esta primeira guía verde da cidade é toda unha descuberta. Un volume ameno, didáctico, sinxelo, inclúe **250 fotografías a toda cor, ilustracións e mapas de 18 parques e xardíns**, e **fichas prácticas de 130 especies** arbóreas. En total, 216 páxinas nas que se traza un percorrido a través das sorprendentes zonas verdes da capital de Galicia.

O libro divídese en dúas partes: a primeira trata dos parques máis representativos do núcleo urbano: Alameda, San Lourenzo, Campus Sur, Eugenio Granell, Bonaval, Belvís.... De cada un destes espazos vaise describindo a súa historia, singularidades e especies arbóreas. A segunda parte é toda unha guía botánica con fichas, fotos, debuxos e comentarios de 130 especies arbóreas que están presentes nestes parques e xardíns de Compostela.

- Para contactar con María Isabel Fraga: museohn@usc.es; 981563100-Ext. 14282, 14202.
- Para contactar con Alvarellos Editora correo@alvarellos.info, 609 90 88 52.
- Para contactar coa Concellaría de Medio Ambiente: mfernandezl@santiagodecompostela.org, 981 54 23 28.



